



**Dirección Xeral de Formación Profesional
Rede de Conservatorios Profesionais de Música e Danza de Galicia**

Modelo MD85PR001

Programación

Centro: CMUS PROFESIONAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Materia/disciplina: Música tradicional galega

Curso: 2025 - 2026



Índice

1	Introdución.....	3
2	Metodoloxía.....	4
3	Atención á diversidade.....	6
4	Temas transversais.....	6
	4.1 Educación en valores.....	7
	4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)....	7
5	Actividades culturais e de promoción das ensinanzas.....	8
6	Secuenciación do curso.....	9
	6.1 Curso: 6º de grao profesional.....	9
	6.1.1 Obxectivos.....	9
	6.1.2 Contidos.....	9
	6.1.3 Avaliación.....	10
	6.1.4 Medidas de recuperación.....	13
	6.1.5 Recursos didácticos.....	14
7	Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica. .	16
8	Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento....	16
9	ANEXOS.....	17
	9.1 Criterios para a obtención dos premios fin de grao.....	17



1 Introducción

Esta programación didáctica ten como principal finalidade a de adaptar e concretar os Obxectivos Xerais de Grao Elemental e Grao Profesional, así coma os específicos da materia de Música tradicional galega, propostos pola administración aos diferentes cursos destas ensinanzas, tendo moi presentes as características propias do centro onde se levará á práctica, así coma do ámbito xeográfico, sociolóxico e cultural onde este se enmarca. Para elo indícanse en cada un dos cursos unha relación de contidos, recursos e criterios de avaliación, ademais dunhas pautas en canto a súa secuenciación temporal orientadas á consecución dos obxectivos propostos, e os criterios e ferramentas para a súa avaliación.

A materia de Música tradicional galega impártese no curso 6º de Grao Profesional, sendo unha das materias optativas, cunha carga lectiva semanal de 1 hora. As características do alumnado presentan unha certa homoxeneidade: a súa idade supera normalmente os 16 anos, cursan estudos da Bacharelato ou de universidade, e proceden tanto da propia zona urbana de Santiago e a súa contorna, como doutros lugares de Galicia nos casos en que se desprazan a Santiago para estudar na Universidade compostelá.

- Marco legal

A normativa e os documentos legais que regulan as ensinanzas de música en Galicia e que se tiveron en conta para a elaboración desta programación didáctica pódense consultar na web da Consellería de Educación edu.xunta.gal. Enlace: [Normativa das ensinanzas de música](#)

- Plans de reforzo

Coa finalidade de traballar na mellora das posibles carencias e dificultades do alumnado que así o precise, o profesorado disporá, cando sexa posible, dun tempo adicado a actividades de reforzo dentro do seu horario. Nestes casos informarase ás familias e o profesorado recollerá no caderno de aula tanto as carencias detectadas, os contidos que se abordarán, como as ferramentas empregadas dentro da aula de reforzo.

2 Metodoloxía

Con carácter xeral primárase os máis produtivos, como son a resolución de problemas por parte do alumnado ou o descubrimento guiado, nos que se busca unha maior implicación do mesmo no proceso de ensinanza-aprendizaxe. Os estilos máis directivos, coma a asignación de tarefas, tamén serán utilizados en función da área tratada, a natureza dos contidos, a dificultade dos mesmos e o grao de consecución dos obxectivos relacionados.

Procurárase, se fose necesario, que cada alumno e alumna tomase conciencia da importancia das tarefas recomendadas para a súa realización na casa, xa que se fai imprescindible para a súa correcta evolución dentro das ensinanzas musicais.

Do mesmo xeito, reforzárase en todo momento a motivación do alumnado, o que facilitará a mellora do seu rendemento e a adquisición duns correctos hábitos de estudo, entre outros aspectos.

- Principios metodolóxicos xerais:

Actividade e participación: daremos ao alumnado un papel activo no seu aprendizaxe (investigación, descubrimento guiado, resolución de problemas), o dos seus compañeiros e compañeiras (ensinanza mutua, traballo en grupos cooperativos) e a avaliación dos mesmos (autoavaliación e coavaliación).

Motivación e autoestima: no comezo e final das sesións procuraremos realizar unha explicación ou reflexión que leve ao alumnado a unha maior implicación no proceso de ensinanza-aprendizaxe. Reforzaremos positivamente as actitudes e execucións correctas, orientaremos as que non o sexan mediante distintos mecanismos de realimentación nas que poidan apreciar a súa mellora, desenvolvendo así a súa autoestima.

Aprendizaxe significativo: de acordo coa concepción constructivista da aprendizaxe partiremos dos coñecementos previos sobre os contidos da materia (avaliación inicial) e as relacións entre eles e os doutras materias (interdisciplinariedade), téndoos en conta á hora de trazar un camiño (temporalización) e unhas estratexias apropiadas co fin de acadar os obxectivos previstos.

Principios de globalización: o tratamento dos contidos obxecto da aprendizaxe estruturarase de forma interrelacionada dentro de cada curso e entre os diferentes cursos (tratamento en espiral dos contidos) afondando no seu desenvolvemento respecto aos cursos precedentes e respectando así a evolución do alumnado e a súa aprendizaxe.

Personalización e atención á diversidade: para o deseño desta PD tívose en conta a heteroxeneidade do alumnado de cada grupo - clase. Nesta mesma liña, adaptárase a actuación docente en función dos diferentes ritmos de traballo e aprendizaxe do alumnado (traballos por grupos de nivel, actividades de reforzo desenvolvidas en paralelo á sesión tipo, actividades de ampliación, uso de estratexias analíticas).

Interacción: fomentárase a interacción positiva entre todos os participantes do proceso de aprendizaxe: alumnado - alumnado (traballo en grupo, ensinanza mutua, coavaliación), alumnado - profesorado (debate, descubrimento guiado, análise de resultados, reflexións, reforzos) e procuraremos a implicación das familias no proceso educativo (acción tutorial).



- Principios metodolóxicos específicos da materia:

Partir dos coñecementos previos

Favorecer o papel do docente como un colaborador, unha axuda ao descubrimento e a aprendizaxe da música tradicional galega

Favorecer a motivación do alumnado

Favorecer o traballo individual e o traballo en grupo do alumnado

Estimular a actitude analítica

Favorecer o intercambio de opinións e o respecto ás opinións dos compañeiros

Estimular a creatividade

Utilizar un vocabulario axeitado e claro en relación á música tradicional galega

Relacionar a música tradicional galega con outras materias do currículo

Distribuír os obxectivos e contidos no tempo de xeito progresivo, producindo unha aprendizaxe sumativa



3 Atención á diversidade

As medidas que se levarán a cabo para a atención á diversidade atópanse detalladas no Plan de atención á diversidade do centro, dispoñible na páxina súa páxina web. Enlace: conservatoriosantiago.gal/o-centro/documentos

4 Temas transversais

Os contidos transversais son esencialmente actitudinais, responden a problemas e realidades directamente relacionados coa vida cotiá de actualidade no ámbito social e que pola súa transcendencia demandan un tratamento educativo. Tomando como referencia o Decreto que establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia establécense os seguintes elementos transversais:

- A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o desprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.
- Fomentarase o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.
- Fomentarase a participación do alumnado en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.
- No ámbito da educación e a seguridade viaria, promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.



4.1 Educación en valores

A clase individual de instrumento permite que a relación profesor-alumnado sexa directa, o cal aumenta en certo sentido a influencia do primeiro sobre o segundo. Será importante a supervisión constante do comportamento do alumnado en temas tales como a igualdade de xénero, tolerancia coas diferencias, respecto cara os compañeiros, comportamento cívico e sensibilidade cara a cultura en xeral.

4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

A aplicación da tecnoloxía da información e comunicación (TIC) e as Novas Tecnoloxías levounos a unha nova revolución, permitindo un crecemento enorme, evolución e perfeccionamento do proceso creativo musical. Non obstante, faise necesario regularlas e, seguindo a normativa do noso centro, establecemos o seguinte regulamento:

- Non se permite o uso de teléfonos móbiles, así coma calquera outro dispositivo electrónico equiparable, dentro das aulas, agás nos casos en que o profesor ou profesora o autorice e sexa con fins didácticos.
- Non se permite o uso na aula ou fora dela de ningún programa ou aplicación informática que recopile ou faga uso de calquera dato do alumnado (datos persoais, datos de avaliación e seguimento) agás CENTROSNET, e a súas aplicacións para dispositivos móbiles, ou calquera outro establecido e/ou autorizado pola consellería.
- Poderanse utilizar outros programas ou aplicacións informáticas que non recopile nin faga uso de calquera dato do alumnado (metrónomo, afinador, etc.).
- Para o uso de calquera outro programa ou aplicación informática do que non se faga mención na programación didáctica correspondente ou recopile ou faga uso de algún dato de carácter persoal ou referente ao seguimento ou avaliación do alumnado, deberase pedir autorización expresa a cada alumnado ou alumna, ou aos seus titores legais, de ser o caso.
- No caso de que o profesorado ou o alumnado precisen facer uso do móbil ou de calquera outro dispositivo electrónico semellante nas aulas por algún motivo de forza maior e xustificable, deberá pedirse autorización á Dirección do Centro.



5 Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Fomentarase a asistencia do alumnado a concertos, cursos, clases de reforzo, conferencias, etc. que xurdan tanto dentro coma fora do centro, sobre todo das relacionadas ou que poidan ser de interese para a materia.

Así mesmo intentarase, na medida do posible, participar nas actividades organizadas polo Centro, tanto audicións ou concertos públicos coma calquera outra actividade de promoción das ensinanzas que poida ser de proveito para o alumnado.

En calquera caso as actividades complementarias e extraescolares que organice o Centro, ou nas que participe activamente, relacionadas ou non con esta materia, serán definidas ao comezo de cada curso dentro do Programa de Actividades Culturais e de Promoción das Ensinanzas.



6 Secuenciación do curso

Esta materia impártese en 6º curso do Grao Profesional, cunha asignación lectiva de unha hora semanal.

6.1 Curso: 6º de grao profesional

6.1.1 Obxectivos

- Apreciar e valorar a música de tradición oral como parte do patrimonio cultural, sendo conscientes da súa diversidade e riqueza.
- Proporcionar unha aproximación histórica á música tradicional en Galicia, tendo en conta as diversas fontes: textuais, fonográficas, iconográficas, organolóxicas.
- Coñecer os principais xéneros da música tradicional galega
- Coñecer os principais instrumentos da música tradicional galega e a súa contextualización na práctica interpretativa.
- Contribuír á formación de criterios propios por parte do alumnado na súa interacción coas manifestacións musicais de Galicia, xa sexa na súa investigación, na súa interpretación ou no seu consumo.
- Combinar, de forma autónoma e con sentido crítico, os medios ao seu alcance para ampliar e completar a súa formación, relacionando os seus coñecementos musicais con datos de outra índole (técnicos, científicos, sociais, históricos, etc.) adquiridos de forma autónoma (lecturas, investigacións, etc.), noutras materias ou ben na súa experiencia cotiá.

6.1.2 Contidos

Primeiro trimestre

- A música tradicional, Folclore, Etnomusicoloxía: definicións
- Conceptos básicos da etnomusicoloxía e do estudo da música tradicional. CONTIDO MÍNIMO ESIXIBLE.
- Desenvolvemento do estudo da música tradicional como disciplina.
- O estudo da música tradicional en España e Galicia.
- Fontes para o estudo da música tradicional galega. Cancioneiros, rexistros sonoros, iconografía, estudos. CONTIDO MÍNIMO ESIXIBLE.
- Planificación e realización de traballos prácticos e comentarios de textos e audicións referidos á materia desta avaliación.



Segundo trimestre

- A música tradicional galega.
- Organoloxía da música tradicional galega. Instrumentos e agrupacións instrumentais.
- Características principais da música tradicional galega.
- Planificación e realización de traballos prácticos e comentarios de textos e audicións referidos á materia desta avaliación.
- Características básicas das sonoridades vocais, instrumentos, formas, xéneros, estilos..., da música tradicional galega, asociando as súas características musicais cos patróns culturais, e relacionándoas entre si. CONTIDO MÍNIMO ESIXIBLE.

Terceiro trimestre

- O canto tradicional galego. Tipos de cantigas e características.
- Bailes e danzas. A música instrumental tradicional.
- Planificación e realización de traballos prácticos e comentarios de textos e audicións referidos á materia desta avaliación.
- Realización dun traballo sobre algún aspecto tratado na materia, empregando os recursos dispoñibles de xeito coherente e eficaz, partindo das convencións de presentación do material establecidas dende os criterios da etnomusicoloxía. CONTIDO MÍNIMO ESIXIBLE.

6.1.3 Avaliación

A avaliación terá carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Dita avaliación será en todo caso obxectiva, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, transparente, xa que será resultado da aplicación dos criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica, e accesible, dado que esta programación estará publicada na web do centro e o alumnado e as familias poderá consultar toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo do proceso de ensinanza – aprendizaxe.



Criterios de avaliación

- Definir, empregando un léxico apropiado, os conceptos básicos da etnomusicoloxía e do estudo da música tradicional, e referirse a eles de forma correcta. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE DO 1º TRIMESTRE.
- Definir, empregando un léxico apropiado, as particularidades e as características básicas de cada música estudada.
- Coñecer e manexar as fontes de información principais da música tradicional galega. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE DO 1º TRIMESTRE.
- Explicar, empregando un vocabulario axeitado, as características fundamentais propias da materia a través da historia da investigación da música tradicional, establecendo a relación co método científico aplicado á investigación musical xerado nesta disciplina.
- Recoñecer, nas audicións e análises propostas, as características básicas das sonoridades vocais, instrumentos, formas, xéneros, estilos..., da música tradicional galega, asociando as súas características musicais cos patróns culturais, e relacionándoas entre si. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE DO 2º TRIMESTRE.
- Identificar o papel desempeñado pola música de forma cotiá, valorando a súa contribución á entidade cultural, así como á súa propia formación e benestar persoal.
- Reflexionar sobre o desenvolvemento evidente e acelerado dos consumos de música que se dan na sociedade actual, incidindo nos aspectos sociais máis relevantes e contextualizando o seu desenvolvemento a curto e medio prazo.
- Recoñecer o papel desempeñado pola música tradicional galega, establecendo relacións entre a música como cultura e as diferentes manifestacións literarias, artísticas, sociolóxicas, etnolóxicas e antropolóxicas de forma sinxela.
- Realizar un traballo sobre algún aspecto tratado na materia, empregando os recursos dispoñibles de xeito coherente e eficaz, partindo das convencións de presentación do material establecidas dende os criterios da etnomusicoloxía. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE DO 3º TRIMESTRE.

Mínimos esixibles

Para acadar unha cualificación positiva na materia é necesario:

- a) Superar os criterios de avaliación indicados coma mínimos esixibles no apartado anterior. Consideraranse coma superados cada un destes criterios cando nos procedementos e nas ferramentas de avaliación correspondentes se acade unha puntuación igual ou superior a 5 puntos sobre 10.
- b) Obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos sobre 10 na aplicación de todos os criterios de avaliación do curso, aplicación que se fará mediante os procedementos e ferramentas de avaliación correspondentes.



Avaliación inicial

Nas primeiras sesións de clase realizarase unha avaliación inicial, na que se analizará o grao de consecución dos obxectivos do curso anterior, especialmente no referente a esta materia, e que permita identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa, de ser o caso.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Con carácter xeral a avaliación do alumnado será unha avaliación continua, polo tanto, en cada unha das sesións de clase farase un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e dos contidos abordados.

O profesorado valerase dos seguintes procedementos para a avaliación do alumnado:

- Revisión das producións do alumnado (tarefas, traballos, proxectos, etc.)
- Probas puntuais

As ferramentas de avaliación serán as seguintes:

- Dada a importancia que a observación directa e do seguimento continuo do alumnado dentro dos procedementos de avaliación, o profesor/a levará conta destes aspectos nun caderno de seguimento do alumnado co fin de dar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á avaliación do alumnado.
- Así mesmo, a aplicación dos criterios de cualificación en cada unha das avaliacións do alumnado realizarase mediante o uso das rúbricas correspondentes.

No curso realizaranse 3 cualificacións, unha para cada trimestre.

A cualificación de cada trimestre será unha nota ponderada, de acordo ao seguinte criterio:

- producións do alumnado (tarefas, traballos, proxectos, etc.): 50% da cualificación.
- proba puntual trimestral: 50% da cualificación

A cualificación final da materia será a media das cualificacións dos tres trimestres.

Como criterio de redondeo, adóptase o seguinte: cando unha cualificación atinxa 5 decimais (0,5), redondearase ao número enteiro superior. Por exemplo: un 5,499 redondearase a 5,00; pero un 5,5 redondearase a 6,00.

Considerarase que a materia está superada cando a cualificación final da mesma sexa igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

Criterios de cualificación

- TRABAJO DIARIO (TAREFAS, TRABALLOS, PROXECTOS, ETC.): grao de dominio dos contidos e procedementos traballados no trimestre. 100% da cualificación trimestral.



- PROBA PUNTUAL TRIMESTRAL: grao de dominio dos contidos e procedementos traballados no trimestre 50% da cualificación

A aplicación destes criterios de cualificación realizarase mediante a realización do traballo diario (tarefas, traballos, proxectos, etc.) e as probas puntuais trimestrais.

6.1.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

A final de curso o alumno/a poderá recuperar os trimestres non superados ao longo do curso, mediante a realización dunha proba puntual.

A **proba** referirase ao traballado en cada trimestre, e consistirá en unha das seguintes posibilidades:

- Cuestionario que permita avaliar o grao de adquisición dos contidos conceptuais do trimestre
- Realización de tarefas e exercicios.

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante a realización da dita proba.

Esta proba valorarase do 1 ao 10 sendo necesaria unha cualificación de 5 puntos ou superior para superala.

Para o cálculo da cualificación final, substituirase a nota do trimestre non superado pola nota obtida na proba puntual de recuperación, e procederase a facer a media como na avaliación ordinaria.

Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar ao alumnado de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas deberá convocalo para unha proba na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba con alomenos unha semana de antelación. Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

A **proba** referirase ao traballado en cada trimestre, e consistirá en unha das seguintes posibilidades:



- Cuestionario que permita avaliar o grao de adquisición dos contidos conceptuais do trimestre
- Realización de tarefas e exercicios.

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante a realización da dita proba.

Esta proba valorarase do 1 ao 10 sendo necesaria unha cualificación de 5 puntos ou superior para superala.

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) na sesión de avaliación correspondente.

A circunstancia de que a avaliación continua non sexa posible por motivo do número de faltas considérase aplicable trimestralmente. Pode darse o caso de que un alumno/a teña trimestre/s de avaliación ordinaria e outro/s onde a avaliación continua non é posible. Neste caso, para a cualificación final ponderada considerárase a cualificación ponderada trimestral (nos trimestres de avaliación ordinaria) e a cualificación obtida na proba (nos trimestres onde non sexa posible a avaliación continua).

Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa)

Aquel alumnado que non superara a materia na convocatoria ordinaria do curso disporá dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma (no mes de xuño). Nela deberán demostrar o dominio sobre os contidos do curso correspondente para poder aprobar a materia.

A **proba** referirase ao traballado na materia, e consistirá en unha das seguintes posibilidades:

- Cuestionario que permita avaliar o grao de adquisición dos contidos conceptuais da materia
- Realización de tarefas e exercicios.

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante a realización da dita proba.

Esta proba valorarase do 1 ao 10 sendo necesaria unha cualificación de 5 puntos ou superior para superala.

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) na sesión de avaliación correspondente.

6.1.5 Recursos didácticos

- Recursos bibliográficos, ferramentas de procura e consulta, e das fontes musicais que forman uns dos materiais imprescindibles da etnomusicoloxía.



- Fontes manuscritas e impresas.
- Fontes iconográficas, que conteñen unha información vital para o intérprete, silenciada noutro tipo de fontes.
- Fontes sonoras.
- Acceso a Internet.

Bibliografía

- Arquivo do Património Oral da Identidade (APOI): <http://apoi.museodopobo.gal/>
- Arquivo Sonoro de Galicia (CCG): <http://consellodacultura.gal/asg/>
- BAL Y GAY, Jesús y MARTÍNEZ TORNER, Eduardo. (2007). Cancionero gallego. Coruña: Fundación “Pedro Barrié de la Maza Conde de Fenosa”. ISBN 978-84-95892-59-1
- CARPINTERO ARIAS, Pablo. (2009) Os instrumentos musicais na tradición galega. Ourense: Difusora de Letras. ISBN 978-84-937421-5-7. En liña dispoñible en: <http://www.consellodacultura.gal/asg/instrumentos/indice-de-instrumentos/>
- DE LA OSSA, IGLESIAS, FÜGEDÍ e PARGA. 2009. Así fan os bailadores... Repertorio de iniciación aos bailes e danzas de Galicia. ISBN 978-84-936618-4-7
- ETNOFOLK. Revista galega de Etnomusicoloxía (2005-). Baiona: Dos Acordes. ISSN 1698-4064
- HARPER-SCOTT, J.P.E. and SAMSON, Jim. (2009). An introduction to music studies. Cambridge: Cambridge University Press. ISBN 9780521603805 paperback
- ORJAIS e REI-SAMARTIM. (2010): ‘Ayes de mi país’. O cancioneiro de Marcial Valladares. Baiona: Dos Acordes. ISBN 978-84-936618-1-6
- SAMPEDRO Y FOLGAR, Casto. (2008). Cancionero musical de Galicia. Coruña: Fundación “Pedro Barrié de la Maza Conde de Fenosa”. ISBN 9788495892621
- SCHUBARTH, Dorothé e SANTAMARINA, Antón. (1987). Cancioneiro Popular Galego [en liña]. Coruña: Fundación “Pedro Barrié de la Maza Conde de Fenosa” [consulta: 30 setembro 2020]. Dispoñible en: <http://cancioneiro.fundacionbarrie.org/>
- SCHUBARTH, Dorothé e SANTAMARINA, Antón. (1987). Cancioneiro Popular Galego. Coruña: Fundación “Pedro Barrié de la Maza Conde de Fenosa”. ISBN 8485728580
- SCHUBARTH, Dorothé e SANTAMARINA, Antón. (1991). Escolma de cántigas do Cancioneiro Popular Galego. Coruña: Fundación “Pedro Barrié de la Maza Conde de Fenosa”. ISBN 8487819052



7 Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

A aplicación da programación didáctica será supervisada de maneira constante por parte do profesorado da especialidade, rexistrando o seu grao de cumprimento e eficacia, e as posibles incidencias ou desviacións na planificación da mesma.

Nas reunións do departamento didáctico de Fundamentos de Composición e Historia da Música deixarase constancia deste seguimento así coma de calquera outra incidencia a ter en conta para a súa avaliación, revisión e mellora.

8 Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

Sen prexuízo de calquera outra medida que se estableza para a avaliación e mellora continua do sistema educativo e das ensinanzas musicais por parte da administración educativa competente, cada departamento didáctico realizará ao remate do período lectivo unha memoria final do curso. Nesta memoria farase constar o seguimento realizado sobre cada unha das materias, un análise do grao de consecución, resultados obtidos e demais incidencias salientables, e indicaranse as posibles modificacións e propostas de mellora de cara a vindeiros cursos con respecto a esta programación didáctica, así coma sobre o funcionamento e actividades do departamento didáctico.



9 ANEXOS

9.1 Criterios para a obtención dos premios fin de grao

Segundo a Orde do 10 de marzo de 2009, polo que se regula o procedemento para a obtención de matrícula de honor e premio de fin de grao para as ensinanzas de música e danza, o premio fin de grao concederase ao alumnado que cumpra os dous seguintes requisitos:

- Rematar os estudos profesionais de música cunha cualificación media de 8, polo menos, no último curso.
- Superar a proba anual correspondente ao final do curso, que deberá ser de carácter práctico e será valorada por un tribunal constituído para tal fin.

Os criterios valorativos para a obtención do premio fin de grao establecidos pola Comisión de Coordinación Pedagóxica do centro son comúns para todas as especialidades e pódense consultar no centro ou na súa páxina web.